



DECRETO

Exped.-: 2021/EGFAB/000053

No artigo 28.8 das Bases de Execución do Orzamento para o 2021 prevese a concesión dunha subvención nominativa á Fundación Manuel María de Estudos Galegos por importe de 500 euros, para *contribuir aos gastos xerais de funcionamento*.

Con data 2 de febreiro de 2021 e núm. de rexistro de entrada 2021001763 recibíuse no Concello escrito da Fundación Manuel María de Estudos Galegos, mediante o que solicitan que se lle abone dito importe. Xunto coa solicitude aporta certificados acreditativos de que a entidade atópase ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Asemade, foi comprobado que a entidade non é debedora deste Concello por calquera concepto non tributario.

En data 1 de marzo de 2021 foi emitida proposta pola técnica de Normalización Lingüística relativa á concesión da subvención solicitada.

A Asesora Xurídica da Área emitiu informe ao respecto en data 2 de marzo, e na mesma data o Interventor emitiu informe favorable.

Polo exposto, resultando que de conformidade co artigo 28.3 das Bases de execución do orzamento, a Alcaldía e o órgano competente para a súa adxudicación,

RESOLVO:

1º.- Autorizar e dispor un gasto de 500,00 euros en concepto de subvención nominativa á Fundación Manuel María de Estudos Galegos.

2º.- Conceder á Fundación Manuel María de Estudos Galegos, con C.I.F.: G701093376, con enderezo na Rúa Javier Fonte, n.º 1, portal D, 1º A – 15001 A CORUÑA, a cantidade de 500,00 euros (cincocentos euros), en concepto de achega para gastos anuais de funcionamento para o ano 2021.

3º.- As condicións da concesión son as seguintes:

a) **Obxecto:** gastos de funcionamento da FUNDACIÓN MANUEL MARIA DE ESTUDIOS GALEGOS no ano 2021.

b) **Importe:** 500 euros.

O importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.

c) **Aplicación orzamentaria:** 80.3341.48100.





- d) **Compatibilidade:** Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.
- e) **Publicidade:** A concesión da subvención deberá publicarse na páxina web da entidade beneficiaria. Asemade, o Concello procederá á súa publicación a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.
- f) **Pago:** Efectuarase o pagamento anticipado do 100% da subvención concedida, efectuando unha retención do 40% do importe en concepto de garantía ata que sexa aprobada a xustificación que se especifica a continuación, despois do cal a garantía retida será liberada e aboada ao beneficiario.
- g) **Xustificación:** No prazo de 30 días dende que se efectúe o pagamento do importe anticipado deberán aportar:
- ✓ Certificado expedido polo Secretario da entidade, co visto e praxe do Presidente, de que os fondos foron destinados ao fin para o que son concedidos.
 - ✓ Declaración responsable do representante de que o importe da axuda, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, non excede do importe do gasto realizado.
 - ✓ Declaración responsable do representante de que a colaboración do Concello de Oleiros foi publicada na páxina web da entidade beneficiaria.

4º.- Que se proceda ao pagamento da cantidade concedida nos termos anteditos.

5º.- Notificar o contido do presente acordo á Fundación Manuel María de Estudos Galegos.

6º.- Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

